

EXILIADOS

anecdota dramática nun acto

Jenaro Marinhais

PERSONAXES

Non convén a unha personaxe dramática ostentar algunha nacionalidade determinada. A única nacionalidade que conven a unha personaxe dramática é a do teatro. Se eu apresento estas como galegos en Alemaña, Holanda, Inglaterra ou calquer outro país, igual poderían ser portugueses, gregos ou turcos, que muitos deles encontrei no formigueiro da Europa próspera. O que non poderían ser, por razoes ben ás vistas, alemaes, holandeses ou británicos na Galiza.

Son cinco: Alcina, Bieito, Manuel, Selena e Franz, todos en anos de xuventude.

ESCENARIO

Antesala ou recibidor dun pequeno apartamento. Pouca mobilia, a estreitamente necesaria e que se deduce da acción funcional e modesta. Porta de entrada que pode situarse no fundo e algunha outra porta lateral que conduce ao interior.

EPOCA

Polo ano 1956, morando eu brevemente en Viena, en casa do profesor Paul Flögl, escrebin o esquema desta peza unha noite na que o sono tardaba en chegar. Via desde a xanela do meu cuarto do alto da Naafgasse brillar, lá embaixo, as aguas do Danubio a res do Prater e a nora altaneira á luz do luar, parada como unha grande roca sen fio de tempo que fiar. Sen eu ser un emigrante pensei en tantos que sendo-o estarían a aquellas desoras indormentes, sentindo rillar o dente da saudade nos entramados da alma. Pode situar-se, maismenos, por aquel ano o acontecer desta sínxela anécdota dramática.

VESTUARIO

A chamada Alcina veste de roupa da casa, Manuel discreto uniforme de porteiro, os demás roupas de paseo.

CUASE LEMA

"Galiza é unha galiña tola que pon os ovos fora do corral". (Selena, escena sesta).

(Escena I. Do interior ven Alcina a abrir a porta de entrada pola que pasa Bieito e Alcina fecha de novo)

Alcina.—Oh! Bieito, xa estás aquí.

Bieito.—Muito cedo?

Alcina.—Non, muito cedo, non; pero eres o primeiro.

Bieito.—Así debe ser, non te parece?

Alcina.—Claro que sí (Beixan-se) Estou arranxando tudo na cociña. Acomoda-te por aí.

Bieito.—En labores de cociña non ando mui esperto; pero se algún outro podo eu facer...

Alcina.—Non é necesario.

Bieito.—Cuantos seremos?

Alcina.—Poucos, os mais íntimos, espero que non tardará en chegar Selena. Prometeu que viria cedo para me axudar nos preparativos. Supu-se que sería ela cuando tu timbraste.

Bieito.—Se prometeu, non falla.

Alcina.—Seguro que non.

Bieito.—Esta festa nosa de despedida para ela non será unha festa. Ha de sentir-se muito abandonada despois da nosa marcha, cuase somos os seus únicos amigos.

Alcina.—Si, porque os españois, sobre todo as mulleres, refúganlle o trato. Censúran-nos a amizade que lle prestamos. Para eles nunca Magdalena foi digna de enxugar os pes de Xesus.

Bieito.—Ven na prostitución o pecado sen redención posivel. Os galegos, como a xente destas terras, somos neso mais comprensivos.

Alcina.—A familia de Selena non-o é.

Bieito.—Sempre ha de haber excepcións. Son inxustos, porque Selena está plenamente redimida e por outra parte nunca foi o vicio o que a levou por aquel camiño que andou con noxo e con vergoña.

Alcina.—Non era para menos.

Bieito.—Luitaba por non apodrecer como un naufrago que non se deixa levar pola corrente e agarrou-se ao cabo que lle tendín con cuanta forza lle restaba.

Alcina.—Por iso é que ela aprecia-te mucho. En verdade o que por ti sente é algo mais que un aprezo, eu digo que é amor. Anda segredamente namorada, estou segura, porque neso muller non engaña a muller.

Bieito.—Disparatas, Alcina, é a gratitud a que lle dira o aprezo que me ten e no que eu lle correspondo porque pensó que o merece, é boa e limpia por mais que a teña encontrado naquel bordel inmundo, desde o primeiro momento di-me conta de que aquel non era o seu sitio. Logo despois pude confirmar cuan certo estaba, cuanto ela tiña sofrido naquela vida. Pobre Selena! Nun pais estranxo, sen traballo, sen quen lle botara unha mao de amigo. Tudo a empurrou para a esterquira. Pero saiu sen nodoa e ben merece que os demás perdoemos o que ela non se perdoa, que tudous esquezamos aquel breve pasado que ela non pode esquecer.

Alcina.—Nen pode esquecer que foste tú que atirou dela para fora daquel pozo de zurro.

Bieito.—Calquer home dereito en vendo unha compatriota naquel estado hubera feito o mesmo.

Alcina.—Calquer home, non. Un home como tu que nada reclama pola mao que tende. Ela nunca olvida a axuda que lle prestas-te e cuando te mira eu surpreendo amor na sua mirada. Ama-te tanto cuanto a si mesma se dispreza e é capaz de manter unha distancia porque non te luxe o seu contaito, Polo ouro do mundo non conservería en luxar-te.

Bieito.—Alcina!

Alcina.—Non te preocupes que non sinto ciumes nem temos algún, sería ridículo, maismente agora cando vamos a afastar-mo-nos para sempre. Ela, por sua parte, non se sentido digna de ti, conforma-se con que sexas para min.

Bieito.—Seremos o un para o outro alá, na nosa terra que nos parece a mellor terra do mundo apesares da sua pobreza, do seu atraso, do seu abandono de sí e, o mais pior, da resolución suicida da sua xente.

Alcina.—Que nos vai a importar tudo iso se estaremos unidos de por vida.

Bieito.—Ha de importar, Alcina, ha de importar.

Alcina.—Volvo á cociña que o tempo corre e o labor non se dá feito de por sí.

(Vai-se. Escena II. Timbra á porta, abre Bieito e entra Manuel, o porteiro, que porta unha mala nova)

Manuel.—Isto que trouxeron agora para Alcina.

Bieito.—Alcina, é Manuel que trae-te unha mala.

Alcina.—(Desde dentro) Si, que deixe por aí. Comprei-na onte porque non sei de onde aparece tanta cousa para levar.

Manuel.—Cando será a partida?

Bieito.—Mañá polo mediodía. Hoxe daremos un xantar de despedida para os amigos. Supón que subirás a tomar un corpiño.

Manuel.—Sen dúbida. Quen pudera regresar tamen! Non sabes cuanto o desejo; pero polo dagora ainda non é posibel, aquello é unha miseria. Desde aquí podo manter unha casa con decencia, dar estudos aos fillos, ingresar algún diñeiro no Banco. Haberei de resistir algun tempo mais.

Bieito.—Para os que deixástedes muller e fillos ha de resultar mais dura a resistencia.

Manuel.—Iso de non poder ver como van crescendo os fillos é o que mais doe, cuando regresas xa estan criados e custa convenceres-te que aqueles mozos grandotes, aquelas mulleres feitas, son os teus fillos, aparecen como estranhos. En certo modo son-no, a vida e me-

dios tan diferentes cria-nos outros hábitos, outras convivencias, sedenta outros recordos que non son compartidos e se en regresando reatamos a vida en comun, sempre estará alí o nó c'eo seu bulto duro e apertado recordando que esa vida foi quebrada, estará como un nó que separa o que trata de unir.

Bieito.—Estas un filósofo, Manuel.

Manuel.—Porque cada noite, mentres espero o sono que a veces tarda en chegar, sopeso as consecuencias desta longa ausencia.

(Escena III. Chega Selena pola porta que ficou aberta despois da entrada de Manuel)

Selena.—Bon dia, Bieito; bon dia, Manuel Benito e Manuel.—Bon dia, Selena

Selena.—Onde anda Alcina?

Bieito.—Por aí adentro, atafegada na cociña

Manuel.—Baixo ao portal, deica logo

Bieito.—Esta acordado, esperámos-te para un brindis

Manuel.—Sen falta.

Selena.—Deica logo

(Escena IV. Foi-se Manuel. Pequena pausa na que Bieito e Selena non encontraran algo que se dicer)

Selena.—Vou onde Alcina, supón que chego con tempo para botarlle unha mao.

Bieito.—Xa me dixo que prometeras vir cedo para iso.

Alcina.—E veño, claro que veño, algo mais retrasada do que quisera, pero non muito.

Bieito.—Queda-vos tempo sobrado para arranxar tudo a contento de todos, o principal é iso que haxa contento.

Selena.—Si, eu sínto-me contenta de ver-vos

Bieito.—Alcina!

Alcina.—Non te preocupes que non sinto ciumes nem temos algún, sería ridículo, maismenente agora cando vamos a afastar-mo-nos para sempre. Ela, por sua parte, non se sentido digna de ti, conforma-se con que sexas para min.

Bieito.—Seremos o un para o outro alá, na nosa terra que nos parece a mellor terra do mundo apesares da sua pobreza, do seu atraso, do seu abandono de si e, o mais pior, da resolución suicida da sua xente.

Alcina.—Que nos vai a importar tudo iso se estaremos unidos de por vida.

Bieito.—Ha de importar, Alcina, ha de importar.

Alcina.—Volvo á cociña que o tempo corre e o labor non se dá feito de por si.

(Vai-se. Escena II. Timbra á porta, abre Bieito e entra Manuel, o porteiro, que porta unha mala nova)

Manuel.—Isto que trouxeron agora para Alcina.

Bieito.—Alcina, é Manuel que trae-te unha mala.

Alcina.—(Desde dentro) Si, que deixe por aí. Comprei-na onte porque non sei de onde aparece tanta cousa para levar.

Manuel.—Cando será a partida?

Bieito.—Mañá polo mediodía. Hoxe daremos un xantar de despedida para os amigos. Supón que subirás a tomar un corpiño.

Manuel.—Sen dúbida. Quen pudera regresar tamen! Non sabes cuanto o deseio; pero polo

dagora ainda non é posibel, aquelo é unha miseria. Desde aquí podo manter unha casa con decencia, dar estudos aos fillos, ingresar algúm diñeiro no Banco. Haberei de resistir algun tempo mais.

Bieito.—Para os que deixástedes muller e fillos ha de resultar mais dura a resistencia.

Manuel.—Iso de non poder ver como van crescendo os fillos é o que mais doe, cuando regresas xa estan criados e custa convenceres-te que aqueles mozos grandotes, aquelas mulleres feitas, son os teus fillos, aparecen como estranhos. En certo modo son-no, a vida e medios tan diferentes cria-nos outros hábitos, outras convivencias, sedenta outros recordos que non son compartidos e se en regresando reatamos a vida en comun, sempre estará alí o nó c'eo seu bulto duro e apertado recordando que esa vida foi quebrada, estará como un nó que separa o que trata de unir.

Bieito.—Estas un filósofo, Manuel.

Manuel.—Porque cada noite, mentres espero o sono que a veces tarda en chegar, sopeso as consecuencias desta longa ausencia.

(Escena III. Chega Selena pola porta que ficou aberta despois da entrada de Manuel)

Selena.—Bon dia, Bieito; bon dia, Manuel Benito e Manuel.—Bon dia, Selena

Selena.—Onde anda Alcina?

Bieito.—Por aí adentro, atafegada na cociña

Manuel.—Baixo ao portal, deica logo

Bieito.—Esta acordado, esperámos-te para un brindis

Manuel.—Sen falta.

Selena.—Deica logo

(Escena IV. Foi-se Manuel. Pequena pausa na que Bieito e Selena non encontraran algo que se dicer)

Selena.—Vou onde Alcina, supón que chego con tempo para botarlle unha mao.

Bieito.—Xa me dixo que prometeras vir cedo para iso.

Alcina.—E veño, claro que veño, algo mais retrasada do que quisera, pero non mucho.

Bieito.—Queda-vos tempo sobrado para arranxar tudo a contento de todos, o principal é iso que haxa contento.

Selena.—Si, eu sínto-me contenta de ver-vos felices; pero triste, con muita tristeza, porque vos perdo, porque perdo o único que me facía levadeira ista vida de ramo esgallado do propio tronco, temerosa de defrontar a vida imposible que me resta por vivir sen arrimo de ninguén.

Bieito.—Pois, non, Selena, mira para frente con confianza e non te poñas triste na nosa festa de despedida.

Selena.—Que festa será para min se ficarei de corazón partido sen amigos con quens compartir tantas saudades, perdida nun labirinto sen saída. Algo me compensará saber da tua... (retificando) da vosa felicidade, porque eu vos deseio toda a felicidade do mundo ainda que nada reste para min.

Bieito.—Ben o sabemos, Selena, e ha de restar para ti, que tamen nos queremos ver-te algún dia feliz. Se até hoxe non encontrares-te mais que homes brutans que te trataron como a unha escarradeira, algun virá que te presente ese amor que tu mereces.

Selena.—Pode vir; mas polo momento non-o deseio nem o busco

Bieito.—Conven buscar algo para o manteimento da vida

Selena.—Ainda sabendo que non se vai a encontrar?

Bieito.—Ainda así.

(Escena V. Entra Alcina que beixa-se con Selena)

Alcina.—Oh Selena, sabia que non tardarías.

Selena.—Algo me retrasei; pero xa estou aquí disposta a axudar-te no quer que sexa. Temos que organizar unha festa das boas, unha festa que deixe recordo de durar.

Alcina.—Iso mesmo, queremos deixar un bon recordo entre todos.

Bieito.—Como de todos levamos un recordo grato

Alcina.—(Para Bieito) Bieito, amor, queres chegar-te á pastelaría a recoller a tarta que dei-xei encarregada?

Bieito.—Pois non? Agora mesmo. Se falta algúna cousa mais me dices, que tamen podo traguer.

Alcina.—Non, xa teño tudo: bebidas, cigarrillos, fiambres... non falta nada. Parece-me que non falta nada.

Bieito.—Até logo.

(Escena VI. Foi-se Bieito, Selena acaricia a mala que está posta nun recanto)

Selena.—Felices vos, que regresades

Alcina.—Tu non tardarás.

Selena.—Si, eu sí. Eu non regresarei nunca, por mais que a saudade me roa, por mais que con envexa infinita vexa como se van todos... Eu non podo volver. O corazón deseia-o pero a razón ha de mandar e luto arreco coa tentación decindo-me unha e outra vez: "Non puedes volver, non puedes volver" para que fique ben grabado no meu cerebro e non acabe a tentación vencendo.

Alcina.—Non digas eso, non vexo por que non has de poder volver, é cousa de un dia decidires-te.

Selena.—Ninguen me espera; pior ainda, esperan-me con rancor, incomprensión, desprezo. Até con odio, porque tuda a familia síntese empestada pola miña peste.

Alcina.—Foron-lles contando con demasiía, muito dano fai esa xente rexoubeira que goza proclamando o mal, era arrincar-lles a lingua que merescían; pero tudo pasa, verás como tudo pasa.

Selena.—Non pasa todo, algo non pasa nunca, cuando unha muller cai non se lle permite pórse en pé nunca máis. Cuando muito de xoellos, e de xoellos ha de andar o resto dos seus días. Pero eu, na miña terra, entre dous meus, non ando de xoellos, Alcina. Nunca me verán de xoellos!

Alcina.—Non esaxeras?

Selena.—Non, as cartas foron-me devoltas sen receber. Nen pais nem irmaos queren saber cousa de min; pior que se morra, para os mortos sempre dicen algúna misa, rezan un rosario, poen unha flor.

Alcina.—Non te atormentes matinando no que xa foi, o que pasou vai lá, dixa-o ir embora e mira para o que pode chegar, ainda pode ser

salgo bon, algo que te faga esquecer ou recordar con menos amargura.

Selena.—Non espero tanto ben da vida; mas que cousa terá ista vida que ainda sen esperanza queremos vivi-la? Ruin como é levo-a adiante sen nunca pedir o alivio da morte. Eu xamais sería capaz de tirar-me a un rio, tragar unha pezoña ou facer nada para acabar con esta carne que tantas penurias nos dá. Que terá a vida que tanto nos prende?

Alcina.—Ten o imprevisto e basta-lle con iso (pausa) Vamos a ir arranxando algo?

Selena.—Si, que preciso de bulir, atafegarme en calquer cousa para anular o pensamento. Cuando vai ser a boda?

Alcina.—En cuanto que chegemos, se for posibel ao dia seguinte: pero será mui acelerado, tres ou catro dias despois poderá ser.

Selena.—A él faras-no feliz, seguro que o farás feliz porque non vé por outros ollos que os teus. E tú?

Alcina.—Eu tamen, Selena, surprendes-me con esa pergunta, non será que pões en dúbida o meu amor por ele.

Selena.—Non, non é eso, eu sei que nunca te unirías a ningún home sen amor; pero tamen sei que amas-te Franz, apesar de que o teñas rexeitado. Sendo así que el te ama e tu gostabas dél, por que motivo rexeitas-te o Franz?

Alcina.—Non é facil de esplicar. Certo que gosto de Franz; pero aceita-lo a él implicaba aceitar outra muita cousa: aceitar esta terra para o resto dos días, aceitar unha familia co que nunca me poderia comunicar aberto e sobre tudo, aceitar, se viñesen, uns fillos que non vería enteiramente meus. Por mais que levasen o meu sangue, terían outro xeito de ser, outra fala, outros costumes que nada terían que ver comigo, que xamais eu darei asimilados. Non sei se comprendes o que quero expresar: frete a eles sentiría-me como a galíña que hoube-se empolado uns ovos de pata, a gallíña esperimentará extrañeza vendo sair do ovo aquelas aves doutra especie; pero eu sí, eu había de sentir.

Selena.—É unha razón, unha razón que non entendo ben; pero ten gracia.

Alcina.—Achas graciosa, pois é muitísimo se-ria. Cuaqueando unha linguaxe estraña que nunca conseguirei balbuciar, vería crescer os meus fillos como parrulos estraños que non teñan recibido de min mais que un calor de incubadora.

Selena.—O ves tu así agora porque tes posibilidade de recuperar o que te é proprio, de retornar ao medio en que te criaste.

Alcina.—Galiza é o meu poleiro mais firme.

Selena.—Galiza é unha galiña tola que pon os ovos fora do curral

Alciana.—Que decias?

Selena.—Nada, nada, estaba como a falar para o meu saco.

(Escena VII. Timbran á porta, abre-a cualquera das mulleres e entra Franz, en mao un pequeno paquete).

Alcina e Selena.—Olá, Franz

Franz.—Alá, miñas amigas. Tudo corre ben?

Alcina.—Sen novedade

Selena.—Ves-nos a axudar a dispor a mesa do convite?

Franz.—Non me nego; pero ao que veño é a

traguer este pequeno presente de despedida para que levedes un "souvenir" deste bon amigo

Alcina.—Ah! muitísimas gracias. Tu, sempre atencioso como non hai outro. Vai ser unha raiña a muller que te leve.

Franz.—Deixei-me levar unha vez e apartaron-me a un lado como a trasto que non serve.

Alcina.—Non así, Franz.

Selena.—Se pode saber o contido?

Alcina.—Abrimo-lo. Ou non, mellor deixa-lo así até que volva Bieito, porque será para nosos dous, non é así?

Franz.—Así é, non podía ser doutro xeito.

Alcina.—Pois recibamos a sorpresa xuntos. Vou-no colocar no comedor, onde él o vexa ao chegar.

(Escena VIII. Vai-se Alcina levando o paquetín, deixando tras de sí un pequeno silencio)

Selena.—Tu tamen eres dos invitados

Fanz.—Sou, e non faltarei

Selena.—Non faltaremos. Por nada do mundo faltaríamos.

Franz.—Somos os preferidos, tanto que sen contar coa nosa compañía eles non farián festa ningunha.

Selena.—Pero non será festa para nós. Tu e mais eu non nos vamos a sentir muito alegres, mas trataremos de non anubiar a alegria dos demás, especialmente a dos noivos.

Franz.—Por que dices iso?

Selena.—Vamos, Franz, non te fagas de novas, non trates de disimular que comigo non val, sei cuanto ama Alcina, tanto como eu ao Bieito; pero é forzoso resignar-mo-nos, non ha outro remedio. Eles van-se levando a sua felicidade... e tamen a nosa. Non é así?

Franz.—Non furgues na ferida, non quero pensar en que hoxe a verei por última vez, que nunca mais a miña mirada ha de encontrar-se coa sua como nun beixo a distancia, pero que a min causa-me unha emoción tan intensa como se de un beixo de boca a boca se tratar. Hoxe, e nunca mais!

Selena.—Que ben te comprendo, meu pobre Franz, e como te compadezo e compadeccendo-te é a min mesma que compadezco. A tua ferida é a miña ferida, a tua dórra é a miña dórra.

Franz.—Eu teimaba por gardar en segredo este amor, esta pena grande que levo escondida. Como tu descubris-te?

Selena.—Porque gardo un mesmo segredo de amor e de pena grande que non se pode dicer, e porque sou muller.

Franz.—Ha de ser por iso último, porque eu nunca acertei a albiscar na tua alma unha desventura parella da miña. Non tiña ollos par mirar para fora de mi mesmo. Non via en ti mais que a amiga boa e querendosa. Agora, despois da tua confesión parece-me estar ante outra Selena diferente, parece-me que de agora mesmo te coñezo, que te vexo por primeira vez.

Selena.—E como é que me ves? Gaño ou perdo na tua consideración?

Franz.—Sempre te considerei con estima, non é tanto cousa de gañar ou perder como de cambiar de lugar é como se unha figura que estaba na confusión do fondo de repente avanza-se ao primeiro plano. Acaso te vexa con mais ternura, menos indiferente, menos extraña.

Selena.—Tudo iso dou por gaño.

Franz.—Doravante, cuando xa leixados dos nosos amores imposibéis, se crucen os nosos pasos, saudarémo-nos como dous irmaos xemeos, porque a mesma desventura nos arrollará no seu regazo frio. Regazo de mai inóspita.

Selena.—E, mirando o un para o outro a si mesmo ha de ver-se como no cristal dun espeilo empanado pola humidade.

Franz.—Así será. E continuaremos o camiño sen mais, sen dar unha fala, sen volver a cabeza?

Selena.—Algunha vez me procurarás porque serei a única persoa con quen poderás confidenciar acerca dela. Algunha vez te procurarei porqueunicamente tu prestarás ouvido ás miñas lamurias de amor perdido.

Franz.—Neses encontros deixaremos de sentir tan punxente a soledade en que vamos ficar despois desta noite.

Selena.—Noite prolongada, sen amanezida.

Franz.—Sen sono nen soños

Selena.—Mas con recordos a revoar con azas de morcego.

Franz.—Selena, se cuando a dor da ausencia me traspasa-se mais asanado eu te chamo, acudirás? Prometes acudir?

Selena.—Como non, Franz, se eu estarei tan precisada de suporte e de consolación como tu mesmo. Sempre acudirei, non dubides. Unicamente sostidos o un polo outro xa poderemos manter as nosas vidas en pé.

Franz.—E acaso camiñar, tamen camiñar. Selena, poderemos camiñar de par tu e mais eu após desta noite?

Selena.—Vai ser unha noite terribel, quen sabe o que pode esconder a negrura desta noite, quen sabe que resto de nós acordará mañá; pero espero que sí, quero crér que sí.

Franz.—Te-mos que anceia-lo muito para non tombar; para non vir-mo-nos abaixo como arvore seca.

Selena.—Eu anceio-no desde agora mesmo con todas as forzas que de milagro manteño sen se render.

Franz.—A desventura é mai sen calor no regazo; pero ainda así igual irmana, igual enfeixa os acollidos nél.

Selena.—O frío, a fame, o medo... son ligaduras que lastiman

Franz.—Mas ligan forte

Selena.—É triste non poder compartir mais que miserias

Franz.—Se non temos en mao cousa que dar, demos a mao por fria que esté, que de mao con mao pode ir nacendo un calor.

Selena.—Oh, Franz, se pudera ser!

Franz.—É apretar.

Selena.—Eu o quero, se tu o queres.

Franz.—Acompasar os nosos pasos?

Selena.—Por un mesmo camiño, ainda que non conduza a ningures, ainda que sombras ou fantasmas nos acompañen.

Franz.—Non resta outro remedio que intentalo

Selena.—Franz!

Franz.—Selena!

(Ambos abrazaronse, non con paixón, mas con ternura. Chaman á porta e cuando aberta por deles entra Manuel visivelmente anonadado. Escena IX)

Manuel.—Por onde anda Alcina?

Selena.—Por aí adentro. Que sucede, Manuel, que pareces trasmudado?

Franz.—Non pareces traer cousa boa.

Manuel.—Unha desgracia, unha desgracia terrible.

Franz.—Fala, que foi?

Manuel.—Bieito, Bieito que...

Selena.—(alarmada) Bieito, que?

Manuel.—Un accidente.

Franz.—Grave?

Manuel.—De Morte, de morte certa

Selena.—Onde? Como?

Manuel.—Perto daquí, en volta da esquina, una camión atropelou-no. Levan-no para o hospital nunha ambulancia; pero non haberá nada que facer, ía morto, eu vin que ía morto

(Selena deixa-se cair nun sillón abandonando-se a un pranto silandeiro)

Franz.—Como llo diremos a Alcina.

Manuel.—Haberá que face-lo. Será duro; pero é obrigado. Vai decir-llo tu, Franz, ela (por Selena) ben ves que non está para iso.

Franz.—Si, vou a onde ela, non sei como llo direi, que palabras encontrarei que menos a lastimen. Pobre da miña Alcina!

(Vaise. Escena X. Selena esplode en saludos)

Manuel.—Vamos, Selena, non te poñas así, trata de serenar. Todos sentimos a desgracia, todos estamos consternados.

Selena.—Si, todos; pero eu por todos xuntos. Eu que non querendo oferecer a meu corpo luxado ao mais nedio dos homes, xa me resignaba a deixa-lo ir con ela. De corazón traspasado de coitelos aviñéra-me a dar-llo a ella; pero á morte, non. Á morte, non! Non, Manuel, non!

Manuel.—Á morte estamos dados todos a ela escolle o momento de levar-nos para sí

(Escena XI. Entran Alcina e Franz, ela apoia-se nel que a conduce collida do van. Alcina e Selena abrazan-se)

Alcina.—Que despiadada é a morte.

Selena.—Por iso gaña sempre. Levou-no-lo a traición, como golpe sorrateiro que atrapa unha ave descuidada.

Alcina.—Xa non é mais para ningunha de nós.

Selena.—Para min ha de seguir sendo o que sempre foi: Un soño inalcanzabel.

Manuel.—Que pronto se transforma unha festa en funeral.

Alcina.—Franz, léva-me ao hospital, quero ve-lo por última vez.

Franz.—Si, miña Alcina, eu te levo. Eu te leverei sempre a onde tu quiseres, sempre o arimo dos meus brazos.

Alcina.—Eu me deixarei levar por ti, porque xa non teño quen me leve a ningures, porque xa non apetezo a ir a ningures. A onde hei de ir? Nos teus brazos cabe todo o mundo, todo o mundo que eu xa podo apetecer.

Franz.—Miña Alcina!

Alcina.—Léva-me, Franz.

(Van-se Alcina e Franz. Escena XII. No decurso desta escena Selena vai animando-se paulatinamente, transformando-se nunha muller cada vez mas desenraigada, descarada, até que ao final marcha con paso gallardoso, para desaparecer porta afora).

Selena.—Que dices, Manuel?

Manuel.—Nada, non estaba a dicer nada.

Selena.—Pois debías dicer algo, dí algo, o que que sexa! Non estás vendo que enlouquezo? Díce-me algo! Fála-me atropeladamente, a gritos, fála-me para que a miña razón non se derrame.

Manuel.—Disculpa, estou abraiado, non acerto a dicer cousa que te console.

Selena.—Que consolo te pido eu? De que me pode servir un consolo que veña de tí? Non se trata diso, non te pido agarimos dos que non preciso. Tu non estás nas tuas.

Manuel.—Non estou, non, e ben sei que nada podo facer que te serva de algo. Has de ser tu mesma que crie fortaleza.

Selena.—Xa arrecadei toda a fortaleza que se poda ter, acabaron-se as vaguedades, as indecisións, as dúbidas. Xa estou certa da miña situación: estou perdida. Comprendes ben?: Perdida!

Manuel.—Non, Selena

Selena.—Estou perdida e aceito-o, é un facto que non se remedia. Por un momento, ha pouco ainda, en brazos de Franz, creín ver un indeciso claror de abrir de día no meu horizonte, cuase me nascia un desejo de chirilitar como un paxaro; mas pronto outra vez deitou riba de min a treva da noite. Outra vez acho-me envolvida, atrapada pola noite mais xeada e mais negra de todas as miñas noites.

Manuel.—Veu tan de sócato, tan inesperado

Selena.—Tu crés que hemos de cumplir un destino marcado?

Manuel.—Seríainxusto

Selena.—Anos de vida levo luitando contra desa inxusticia e sempre me vence. Agora mesmo ten-me nas garras, sinto as uñas agudas cravadas na entrañas, sinto que me leva para onde non quero ir; pero ela pode.

Manuel.—Son figuracións, deixa que pasen.

Selena.—Revoa-me na cabeza un enxamio de avespas a zunir e zunir a bicar e bicar... Axóuta-mas. Manuel, Axóuta-mas!

Manuel.—Como? Apenas entendo algo do que dices.

Selena.—Nen eu o digo para que se entenda, que sei que por que o digo. O que acontece agora dentro de min non é cousa que se entenda, é cousa que se sente. Sente-se que derruba, raña, queima na carne e na alma, como quen fai unha roza no monte. Despois, fume, cinza, cinza e cinza

Manuel.—Sempre resta algúnsa raiz que logo prende.

Selena.—Despois desta roza nada vai prender en min.

Manuel.—Agarda que o vento barra o fume e a cinza.

Selena.—Xa está barrida, Manuel (lanza unha gargallada)Ves como está barrida?

Manuel.—É mellor así; pero preferible que fo-se doutro xeito.

Selena.—Non se me dou para escollar. Sabes tu doutro mellor?

Manuel.—Pode haber.

Selena.—Sabes tu o que resta facer cuando nos cerran as portas de saída? Lanzár-mo-nos pola xanela.

Manuel.—Tu non farás eso.

Selena.—Descuida, que non-o farei, a miña loucura non me bota por aí. Non teño ese valor. Busco outro camiño, sen sangue, sen destroño que se vexa.

Manuel.—Iso está ben. Manda se te podo prestar unha axuda para dar con el.

Selena.—(Volve a rir con outra gargallada) Que disparate! Axudar-me tu? Non valen axudas, é cousa miña. Hei de ir eu por propio pé sen que ninguén me leve como levaron á outra collidiña do van. (remendando Alcina) "Levame, Franz". Eu non teño arrimo que me sostéñea e vou de por min con a mesma decisión que o que se bota pola xanela.

Manuel.—Asustas-me falando así.

Selena.—Non te asustes, con agrado ou con noxo sei o que vou facer, o que teño que facer porque así está marcado para min.

Manuel.—Nada está marcado. Que vas facer?

Selena.—(Rindo con malicia) Digo-cho? Si, pero de ti para min: (silabeando a palabra) su i ci dar me.

Manuel.—Pero ha pouco decias que... decias que non tiñas ese valor.

Selena.—O de tomar pezoña, lanzar-me ao río, colgar-me de corda? Non, ese non teño. Non farei nada deso. Esta vida que ves vou-na levar adiante.

Manuel.—Burlas-te, xegas a desconcertarme.

Selena.—Non. Manoliño, que non estou eu para xogos e burlas, o que sucede é que tu pensas nun suicidio e o meu é outro, outro diferente, sen sangue, sen osos quebrados nin lingua de fora.

Manuel.—Cual, Selena? Como é iso que vas facer?

Selena.—Non percebes? Se xa está feito. Mira, o corpo indemne; pero está feito, é á alma á que lle retorcín o pescoco.

Manuel.—Esplica-te mellor

Selena.—Volvo para o lupanar, Manolo, volvo para o lupanar!

(Revolve os cabelos e vai-se, risoña, dando unha volta pola escena, acaneando as nádegas, acenando un adeus coa mao levantada)

FIN